

WOMEN IN ECONOMICS

Amy Finkelstein



Amy Finkelstein (USA, 1973). Doutora polo MIT desde 2001. Ocupa a Cátedra de Economía *John & Jennie S. MacDonald* no MIT e é cofundadora e codirectora científica do J- PAL North America. Finkelstein está especializada en economía de saúde. A súa investigación sobre os fallos de mercado e a intervención pública nos mercados de seguros e na provisión de servizos sanitarios permitiu comprender mellor o problema da selección adversa neste contexto.

Usando unha metodoloxía que combina experimentos aleatorios controlados, con técnicas econométricas sofisticadas e modelos teóricos, Finkelstein achega novas evidencias empíricas sobre as consecuencias da extensión do seguro público de saúde en Estados Unidos. Recibiu numerosos premios, incluída a John Bates Clark Medal (2012) como “destacada académica en economía da saúde e unha das das mellores microeconomistas aplicadas da súa xeración.”

“The empirical work that I’ve done has gone in the direction of, “How do we design empirical tests that are robust to the fact that the real world is more complicated than the simple theory suggested, and how do we think about welfare in that context?”